

A GLOBALIZACIÓN COMO MARCO PARA O ESTUDIO E DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA GALEGA

Xaime Illa Couto

Universidade de Vigo

1.- A PANTASMA DA GLOBALIZACIÓN

Hai 150 anos, Carlos Marx e Federico Engels iniciaban o seu famoso Manifesto de 1848 con estas palabras: “unha pantasma percorre Europa: a pantasma do comunismo”. Estas palabras eran anuncio dunha nova época para as relacións económicas, políticas e culturais do mundo.

Hoxe, caído o muro de Berlín, unha nova pantasma vai en boca de todos: A pantasma da globalización ou mundialización, convertida con outra palabra, -a competitividade-, na pedra angular de toda decisión de política económica ou de xestión empresarial nos anos noventa.

Ben é certo que o concepto de globalización non é unha novidade, e que moitos dos signos dese movemento, como a amplitude do comercio internacional, tiveron os seus antecedentes máis próximos na época do patrón-ouro.

Sen embargo, a realidade actual ten un grado de complexidade, así como de velocidade de transmisión das persoas, dos capitais, dos bens e dos servizos, que nunca tivera na historia do home, ligadas en boa medida ó desenvolvemento tecnolóxico.

A miña intención aquí non é entrar no estudo do fenómeno nos contidos específicos da súa problemática propia, -obxecto dos traballos do congreso-, senón situalo nun horizonte máis ben paraeconómico, no marco contextual da totalidade social e dos seus sistemas ou subsistemas integrantes, destacando aquilo que pudiera afectar máis sobranceiramente á nosa existencia económica.

2.- CRISE E CAMBIO EPOCAL

Dos tres sistemas que en conxunción inextricable configuran e definen a enteira acción humana: de sustento e desenrolo material a economía; de creación simbólica, cognitiva, ideativa e de valores a cultura; e de orde, control e axuste social a política, pódese dicir que mentres o primeiro e o terceiro inciden nos medios, (necesidades e bens, poder e orde), o segundo, coextensivo ós outros dous, (do que é expresión a linguaxe en tódalas súas formas), constrúese como reino dos fins.

A articulación concreta dos tres, producida nun lugar ou espacio determinado e por unha comunidade de homes en interacción co seu entorno natural e social é o que conforma propiamente aquilo que chamamos unha cultura, así diferenciada e identificada, aínda que sometida a procesos de mestizaxe e transculturación que arrequecen e universalizan os seus contidos.

Ocorre que na combinatoria e decurso histórico desa complexa acción social, trastocan aquela relación cabal, convertindo perversamente os medios en fins, facendo da riqueza apropiada ou do poder dominios absolutos, e da lingua, manipulación ó seu servizo; mesmo, erosionando a fecunda diversidade das culturas co imperio da uniformidade, homoxeneización e sumisión ó mercado.

As revoltas que andamos a vivir neste tempo con quebra dos grandes sistemas de pensamento, - nados do racionalismo da modernidade - , o descrédito das ideoloxías maniqueas, a crise dos estados nación centralizados, xunto coa mundialización ou globalización da economía e a acelerada revolución tecnolóxica, sitúannos diante dunha nova época -a era da información e do coñecemento-, e dun mundo transfigurado como sociedade de redes e non de fronteiras, mais de recuperación, ó tempo, das identidades e diferencias do mundo da cultura e das linguas.

Concretamente e no campo económico, a crise profunda do modelo de crecemento industrial prevalecente entre nós ata os anos setenta -inducido e caracterizado polo sistema “fordista” americano de produción en masa e da gran empresa, de organización centralizada e piramidal-, fixo descubrir, por unha banda, as insuficiencias desta concepción e, pola outra, as frustradas potencialidades e virtualidades acochadas no mundo nacional -da nación primaria e básica-, do rexional e local.

3.- OS PROCESOS DE GLOBALIZACIÓN E REXIONALIZACIÓN CONTEMPORÁNEAS: UNIDADE DE ESPACIO E MÚLTIPLES TERRITORIOS

A globalización é un proceso multifacético que, con ritmo e sorte diversa, acompaña ó home dende que comezou a súa andáina sobre a Terra, e que agora caracteriza unha exponencialidade crecente da interactividade, (mostra fulgurante témola na rede Internet).

Este proceso, -afirma Costa Filho-, é unha condición ou requisito sine qua non para a consolidación e difusión do novo patrón ou paradigma tecnoproductivo, baseado en estratexias intensivas e innovacións, (de produtos, de procesos, de procedementos comerciais, de recursos, de organización,), que requiren para sustentalo dun esforzo contínuo de investigación científica e tecnolóxica. O custo deste esforzo, (e o ciclo curto dos produtos), obriga a ampliar as operacións ata escalas mundiais. A dinámica actual do capitalismo tecnolóxico apunta inexorablemente á creación dun espacio único de escala mundial; (metaforizando, a “Era mundial” ten unha data exacta de inicio, o 20 de xullo de 1969, primeira vez na que un home, pisando a superficie da Lúa, ve a Terra como unha unicidade total.

Un espacio único pero moitos territorios. A modernidade tivo un primeiro efecto sobre a dupla tempo-espacio ó separa-la medición do tempo mediante a invención do reloxo mecánico; e un segundo impacto ó produci-la separación da dupla espacio-territorio, tan rigurosamente teorizada por François Perroux. A posmodernidade introduciu unha sorte de recur-

sividade ó asociar a dupla tempo-lugar, nunha manioobra einsteiniana. A globalización produciu así unha certa fractalidade na organización territorial necesariamente acompañada dun fraccionamento patente ó percorrer as distintas escalas da xeografía nacional e internacional.

Apoiado este proceso globalizador, por unha banda, naquelas innovacións tecnolóxicas e, pola outra, nas novas condicións do orde político internacional apuntalado polos Estados Unidos na Guerra do Golfo, despois da caída do Muro de Berlín, o seu resultado máis concreto é a apertura externa dos países nun amplo movemento contradictorio de rexionalización, (“rexionalismo aberto”, na expresión da CEPAL), coa presión e o afortalamiento de unidades supraestatais, como a Unión Europea e, paralelamente, a renovación ou formación de estruturas infraestatais, como as pequenas nacionalidades, cidades e rexións, convertidas en novos actores da competencia internacional polo capital, tecnoloxía e mercados.

Este campo de forzas de diferente sentido provoca tensións e fisuras na estrutura do vello Estado-Nación, poñendo en xogo os seus poderes e funcións tradicionais e a súa mesma existencia.

Moitos territorios e novos territorios redescubertos. A crise industrial dos anos setenta, (estudiada por Piore e Sabel como a “segunda ruptura industrial”), ó romper co modelo económico fordista, da paso a un novo paradigma tecno-productivo, propiciado polo forte crecemento da economía dos anos de posguerra, polos progresivos adiantos científico técnicos e pola evolución da cultura e das relacións sociais, demandando unha produción máis flexible e diversificada en cantidade e calidade.

Nesta situación, puxéronse de manifesto as eivas, insuficiencias e rixideces da gran empresa para afrontar o cambio, revelándose, pola contra, a existencia de lugares ou territorios (nomeadamente no Norte e no Centro de Italia), con redes de pequenas e medianas empresas, herdeiras evolucionadas da vella produción artesana, que puideron facelo con éxito gracias ó seu entorno tanto empresarial como cultural. Son os “sistemas productivos locais”, que teñen o seu precedente nos “distritos industriais” ingleses, analizados por Marshall a comezos do século, e que poden observarse tamén en moitos outros lugares do mundo.

Temos, pois, que contar co home, e co seu contexto determinado. Olivier Crevoisier amósanos nos seus estudos sobre o Arc Jurasien suízo como a actividade económica se integra sobre un espazo territorial coa súa cultura, e como é precisa a psicoloxía social para comprende-la economía.

Chegamos así a unha nova realidade económica, caracterizada polo protagonismo das pequenas e medianas empresas, fonte básica do emprego nos países desenvolvidos, e pola especialización destas empresas e dos territorios na produción de bens e servizos nos que teñen unha vantaxe comparativa respecto dos demais, como nos indica Michel Porter.

Paradoxalmente, estas modalidades de flexibilidade, diversificación e cooperación destes, -digámolo así, pequenos territorios-, inspiraron as profundas transformacións da gran empresa na asunción do novo paradigma productivo e nos procesos de descentralización e desconcentración horizontais e verticais.

A revolución tecnolóxica é unha das notas distintivas da sociedade contemporánea. Se ben non é doado establecer un punto de partida nun proceso nado da propia evolución do

coñecemento humano, concordamos na transformación da vida humana que ten producido nos nosos días, así como na aceleración do proceso. Tal vez a difusión da informática e das comunicacións a traveso desta supón o último gran avance transmitido ó conxunto da sociedade.

Se a idea máis estendida situaba a orixe da innovación nos grandes departamentos de investigación e desenvolvemento das multinacionais, hoxe sabemos que boa parte do proceso innovador procede das pequenas empresas, especialmente as definidas como innovación incremental. Isto é resultado da flexibilidade, creatividade e, as veces, maior identificación que se da nestas empresas. Tamén sabemos que os entornos locais son ricos en innovación, derivada do saber facer e do capital humano acumulado nunha actividade determinada.

A globalización, pola súa parte, define un momento de apertura de cáseque a totalidade dos mercados en maior ou menor grado. A causa estaría no longo proceso de conversas mantidas a partires dos acordos de Bretton Woods, na reconversión económica dos países comunistas, e na propia revolución tecnolóxica nos transportes e nas comunicacións, que facilitan a información e o intercambio de bens e servicios.

Fronte á este proceso, as grandes empresas e as multinacionais sinten a necesidade de fusionarse, creando novas multinacionais ou alianzas estratéxicas capaces de competir en todo o mundo. Neste proceso de fusións, moitas delas perden o carácter “estatal” do capital na súa orixe, pasando a ser multinacionais non só nos puntos de venda ou produción, senón na propiedade do seu capital, que a cotío cotiza as vinte e catro horas do día nos mercados financeiros de Asia, Europa e América.

As pequenas empresas, pola súa banda, tamén se adaptan á mundialización, procurando especializarse en produtos e servicios concretos e exportando estes, convertíndose moitas delas no que o profesor Pierre-André Julien califica como pequenas e medianas empresas “de clase mundial”, adaptándose perfectamente á nova situación e compensando a maior competencia nos seus vellos mercados estatais coa exportación ós novos mercados que se abren ós seus produtos.

Vemos pois, en resumo, que a economía actual preséntasenos como unha economía aberta cada vez máis á competencia, na que a importancia das grandes empresas tradicionais tende a ser substituída pola súa fusión en empresas multinacionais e pola importancia das pequenas e medianas empresas especializadas e agrupadas por sectores sobre entornos locais tamén especializados, nos que a súa cultura agrupa todas esas empresas con tanta ou maior forza e efectividade do que o fai unha gran empresa, mantendo a innovación, a competitividade e o traballo.

Os fenómenos que vimos de comentar na economía non son sustancialmente diferentes da evolución do poder político. En efecto, o funcionamento e potestade dos estados-nación están a ser cuestionados, e modelos de curte supraestatal e infraestatal asumen un número crecente de competencias da vida pública.

A principal causa desta transformación está na incapacidade dos estados para resolver axeitadamente moitos dos problemas que afectan á sociedade. Unhas veces porque as causas sobrepasan as fronteiras dun estado e a capacidade deste para impoñer a súa lexislación. Outras veces, porque unha entidade territorial menor está máis próxima ós problemas e

mellor capacitada para comprender as situacións e resolvelas. Vexamos isto con máis detalle.

Acabamos de indicar como se estan a abrir as economías e os mercados, superando amplamente as fronteiras estatais, e as empresas actúan procurando a máxima rendibilidade posible cando escolle onde producir e onde vender. Isto implica que o réxime fiscal, a fixación de salarios mínimos ou a lexislación de protección laboral perxudican a instalación de empresas, que poden preferir lugares alternativos sen ese tipo de restricións, sempre que o que custe trasladar a produción ós lugares de venda dos produtos sexa inferior ó aforro producido pola localización da produción nun Estado cunha lexislación menos restrictiva.

Por outra banda, os estados-nación teñen demostrado -nomeadamente en Europa-, a súa incapacidade para asegurar en solitario a paz dos seus cidadáns. Jean Monnet salienta nas súas memorias como as dúas guerras mundiais ensináronlle á Europa Occidental que só a posta en común dos seus recursos e a creación dunha estrutura supraestatal podía asegurar a estabilidade non so europea, senón mundial. As revolucións socialistas e a configuración posterior de dous bloques obrigaron tamén ós estados a actuar conxuntamente, compartindo o poder militar en organizacións como a OTAN, sendo este poder, -a defensa-, unha expresión esencial da soberanía tradicional.

Finalmente, un terceiro conxunto de cuestións dependen dunha acción a escala mundial. Son as derivadas das necesidades dos países non desenvolvidos, así como a defensa da riqueza natural do planeta. Os expertos do clube de Lisboa, agrupados ó abeiro da Fundación Gulbenkian, lémbrennos que boa parte da humanidade vive sen servizos de auga, electricidade ou sumidoiros, e invoca non xa a reafirmación das entidades supranacionais existentes, senón a creación dun goberno mundial, por moito que hoxe tal pretensión semelle utópica, xa que unha parte sustancial dos problemas da humanidade so terán solución a esta escala, e entre eles a posibilidade do que se da en chamar o desenvolvemento económico sostible.

Tamén as necesidades de democratización real da vida política de moitos países dependen do consenso entre os estados desenvolvidos. A xustificación de defensa encuberta de reximes dictatoriais coa desculpa de que evitaban o acceso do comunismo ó poder xa non ten sentido. As prácticas postcoloniais tan ben descritas por Galbraith deben deixar paso ó apoio para a creación de sociedades máis formadas e capacitadas para a dirección destes países.

En resumo, e como resultado do proceso descrito, o home ve o mundo como un todo, compartindo un espazo único e moitos territorios. Pasamos do mundo dos estados e das fronteiras pechadas en sí a un mundo aberto.

Dúas son as causas básicas que nos conduciron a esta nova situación. Por unha parte a revolución tecnolóxica, especialmente na electrónica, na informática e nas comunicacións e o transporte.

Por outra parte, é tamén resultado da nova orde política internacional. A caída do muro de Berlín e a Guerra do Golfo transforma a existencia dun mundo bipolar na política e multipolar no económico a unha potencia monopolar no político coa imposición dun mercado único no económico.

Todo isto da lugar a un espacio único, abstracto, funcional, en función desas revolucións informáticas e das comunicacións, fronte a un mundo concreto, textual, dos diferentes territorios. Isto implica un cambio de visión epistemolóxica, científica. Ó primeiro correspóndelle un tipo de coñecemento abstracto, codificado, e ó segundo un tipo de coñecemento concreto, nun contexto real, humano.

Ese espacio uniforme, igual, no que opera ese tipo de racionalidade económica, supón transformar a sociedade de fronteiras nunha sociedade de redes. Camiñamos cara a novas unidades supraestatais que dean resposta ós problemas que escapan ó control dos Estados Nación.

Agora ben, a realidade concreta impón tamén a existencia de realidades infraestatais, de nacións que manifestan a súa especificidade nos subsistemas económico, político e cultural, e que demandan tratamento da súa realidade dende eles mesmos.

4.- A NOVA EPISTEMOLOXÍA E A NOVA PRAXE DO DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL

Concebido nas súas orixes máis ben como medio para promover nas rexións e países subdesenrolladas (periféricas) o seu achegamento ó modelo de crecemento económico dos países centrais prevalecente na época, a crise profunda deste modelo nos anos setenta fixo descubrir, dunha parte, as graves deficiencias daquela concepción puramente lineal, mimética e dependente, e pola outra, as frustradas potencialidades acochadas no mundo local.

Nunha concepción actualizada contemporánea do desenvolvemento territorial, -Sergio Boisier, experto da CEPAL e director do INLES-, considera este como un proceso configurado en tres escenarios interdependentes: O contextual, o estratéxico e o político.

Ó escenario estratéxico corresponde a idea de en que contexto se desenvolve a sociedade, nun dobre proceso. Por unha banda, como un proceso de apertura cara afora destas rexións. Por outra, por un proceso cara adentro.

O primeiro é un proceso de poñerse en contacto, de saír fora de si. Hoxe só pode desenvolverse unha sociedade a través dese contacto, e isto é o que lle permite asumir a unha cultura todos os medios técnicos precisos no mundo moderno.

A apertura cara adentro materialízase nun proceso de descentralización. É preciso que as iniciativas podan ser asumidas por diferentes actores e elementos, descendendo do centro á sociedade onde se materializan todos estes fenómenos.

Isto combina co segundo escenario, o estratéxico. Precisamos combinar as unidades de desenvolvemento, e distinguimos aquí tres territorios diferenciados:

As rexións de tipo pivotal, que teñen unhas complexidades de tipo estrutural, básico, unhas condicións naturais específicas, e unha identidade propia, que é onde se suscitan os valores, mediante unha relación do endóxeno e do esógeno.

Estas rexións ou nacións, para que realmente podan desenvolver este papel, precisan dun dinamismo aberto. Para isto están as rexións asociadas, ás que a rexión pivote debe asociarse permanentemente e nas que debe procurar as sinerxias necesarias.

Finalmente, hai un tipo de rexións virtuais nas que se deben procurar relacións e alianzas, pero nas que non existe contigüidade, aínda que son precisas para actuar nese entorno global.

Un exemplo das tres sería Galicia, o Norte de Portugal e o Arco Atlántico.

O terceiro e último escenario é o político, a elaboración do proxecto político que debe asumir todo o anterior, e para o que debemos considerar os seguintes aspectos:

En primeiro lugar, a existencia dun novo orde político internacional, que na práctica é un desorde. A realidade política é a hexemonía dos Estados Unidos, que son un modelo de globalización con éxito na súa propia historia, creando nun espazo continental un Estado, cun mercado amplo e unha base étnica e cultural moi diversa.

Detrás desta modelo está a procura do éxito económico, do beneficio, apoiado por outra parte nunha ética protestante. Esa disimetría que se produce nos Estados Unidos (ver o mundo como un mercado), trasládase á opinión internacional. Por outra banda, ese mercado mundial non ten control, cousa que non sucedía dentro dos estados nación. A economía e os mercados financeiros son o mellor exemplo desta nova situación.

En segundo lugar, como xa vimos, a transformación do Estado-Nación. O que representa o estado nación está hoxe desdubuxado, hai unha especie de valeiro. O Estado-Nación debe transformarse nun estado aberto e, se ben a utopía final é a unión da humanidade, hoxe a praxis lévanos a procurar a realidade epocal, circunstancial, que é Europa. Esta permitirá crear novos polos de poder dentro do mesmo sistema, evitando os monopolios políticos.

5.- A GLOCALIZACIÓN

Son moi copiosos e significativos os testemuños que, con relación a canto levo dito, puideran aducirse, procedentes de persoalidades representativas nos ámbitos da economía, da empresa, da política e da cultura. Por vía de exemplo, de desigual valor e alcance e por telos máis a man, citarei os seguintes: O de Kenichi Ohmae, un dos máis notables gurús nipónicos, cunha obra de título ben revelador: “ O fin do Estado-Nación e o ascenso das economías rexionais”. O celebrado futurólogo John Naisbitt, que nunha recente publicación colectiva, coordinada por Rowan Gibson -“Preparando o futuro”-, dinos que aquel mantra ou paradigma da Nova Era, “pensade mundial e actuade local”, deu un xiro de 180 grados, e a súa fórmula agora debéra ser “pensade local e actuade global”, e danos como exemplo o idioma inglés, que estase a converter no idioma universal, e canto máis se convirta na segunda lingua de todo o mundo, máis preciada se estima a primeira lingua, a lingua materna, porque é a que constitúe a identidade propia de cada pobo. O do francés Jean Louis Guigou, delegado da ordenación do territorio e acción rexional, que nos cuartos encontros de desenvolvemento local tidos en Marsella no Nadal pasado, declaraba nada menos: “A mesma noción de soberanía, refuxio onte da indivisibilidade, reclama hoxe un exercicio compartido”. E os dos sociólogos: Manuel Castells, que nunha obra maxistral - baixo o título “De la era de la información, economía, sociedade, cultura”- adica o seu primeiro volume ó estudio da Sociedade Rede, e o segundo, dialécticamente complementario, ó Poder da Identidade. Alain Touraine, quen no seu recente libro “¿Podremos vivir xuntos? Iguais e diferentes” afirma: “Non ñe no plano mundial, como tampouco no plano nacional, onde se forman as

prácticas innovadoras, senón localmente, en torno a plantexamentos concretos e inmediatos, cunhas relacións interpersonais directas. De igual modo que o movemento obreiro naceu da organización informal e das reivindicacións nos talleres, así hoxe o renacemento da acción social opérase a partir da base, de onde veñen as iniciativas creadoras e liberadoras, o cal , evidentemente, non significa que todo o que proceda de abaixo sexa liberador, senón que o espírito de liberación consisten en defender e reforza-la liberdade e a dignidade de cada individuo”.

Atopámonos hoxe, pois, cun cambio radical de paradigma, que rompe coa concepción puramente subsidiaria do desenvolvemento económico linel ou da visión estática tradicional pechada en sí mesma, para abri-la cara adentro na promoción orixinal daquela liberdade e dignidade persoal e colectiva, e cara afora na busca sinérxica de novas comunidades transfronteirizas e transnacionais, e invitándonos a unha acción transformadora da nosa esquizofrénica realidade actual, coa creación de redes económicas de pacífica cooperación e auténtica competencia innovadora; co compromiso decidido na reconstrucción do Estado e das súas estruturas organizativas, tendo en conta as novas esixencias do que se ten definido xa como “glocalización” ou “globalocalización”, a súa reconversión socialmente humanizadora, co afortalamiento da sociedade civil e da democracia real de abaixo arriba, solidaria e participativa, e a neutralización dos efectos perversos dos poderes transnacionais dominantes; a recuperación, en fin, da identidade común da lingua e dos valores culturais propios e da súa creativa especificidade universal.